



CONCELLO DE TOQUES

## **CONCELLO DE TOQUES**

Lugar de Souto  
15806 Toques (A Coruña)  
NIF: P-1508400G  
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.  
Páxina web: [www.toques.es](http://www.toques.es)  
Email: [correo@toques.es](mailto:correo@toques.es)

### **ACTA DA SESIÓN DE CONSTITUCIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE TOQUES CELEBRADO O DÍA 15 DE XUÑO DE DOUS MIL DEZANOVE.**

#### **ASISTEN**

##### **CONCELLEIROS ELECTOS**

D. José Ángel Penas García ( B.N.G. )  
D. José Manuel Lavandeira Puga ( B.N.G. )  
D. José Antonio Castro Casanova ( B.N.G. )  
D. Jesús Varela Prieto ( B.N.G. )  
Don Miguel Castro Vázquez ( P.P. )  
Dona Mónica Penas González. ( P.P. )  
Dona Tamara Mato Mella. ( P.P. )  
D. Miguel Ángel Buján Varela. ( P.S.G-P.S.O.E. )  
D. José Luis Abad Rodríguez ( P.S.G-P.S.O.E. )

##### **SECRETARIO-INTERVENTOR**


D. Iván Ponte Mahía.

Sendo as nove horas e trinta minutos do día quince de xuño do ano dous mil dezanove, reúnese no Salón de Plenos da Casa do Concello, o Pleno da Corporación, en sesión CONSTITUTIVA en primeira convocatoria, coa asistencia dos señores concelleiros relacionados á marxe, actuando como Secretario – Interventor D. Iván Ponte Mahía, que da fé do acto.

Constituída validamente a sesión, de conformidade co disposto no art. 195.4 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, se procede o desarrollo da sesión CONSTITUTIVA que ten como único punto da **orde do día**:

#### **1.- CONSTITUCIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE TOQUES E ELECCIÓN DO SR. ALCALDE.**

Cando son as 9 horas e trinta e cinco minutos do día 15 de xuño o Sr. Secretario do Concello de Toques da comezo á sesión de constitución do Pleno do Concello de Toques dando a benvido a todos os concelleiros/as electos e ás demais persoas que están presentes no Salón de Plenos do Concello.



CONCELLO DE TOQUES

## **CONCELLO DE TOQUES**

Lugar de Souto  
15806 Toques (A Coruña)  
NIF: P-1508400G  
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.  
Páxina web: [www.toques.es](http://www.toques.es)  
Email: [correo@toques.es](mailto:correo@toques.es)

Como apertura da presente sesión plenaria, o Sr. Secretario se dispón a sinalar que a sesión constitutiva do Pleno está regulada, entre outros, polos seguintes artigos:

1.- Artigo 195 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime Electoral Xeral, que establece o seguinte:

*“1. As Corporacións municipais constitúense en sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das eleccións, salvo que se tivera presentado recurso contencioso electoral contra a proclamación dos concelleiros electos, en cuio suposto se constitúen o cuadraxésimo día posterior ás eleccións.*

*2. A tal fin, constitúese unha Mesa de Idade integrada polos elixidos de maior e menor idade, presentes no acto, actuando como Secretario o da Corporación.*

*3. A Mesa compraba as credenciais presentadas, ou acreditacións da personalidade dos electos con base ás certificacións que ó Concello remitiu a Xunta Electoral de Zona.*

*4. Realizada a operación anterior, a Mesa declarará constituída a Corporación se concorren a maioría absoluta dos Concelleiros electos. En caso contrario, celebrarase sesión dous días despois, quedando constituída a Corporación calquera que fora o número de concelleiros presentes.”*


2.- Artigo 108.8 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral que establece o seguinte:

*“No momento de tomar posesión e para adquirir a plena condición dos seus cargos, os candidatos electos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución, así como cumprir os demais requisitos previstos nas Leis ou regulamentos respectivos.”*

3.- Artigo 7 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, que establece o seguinte:

*“O concelleiro, deputado ou membro de calquera entidade local que resultara proclamado electo, deberá presentar a credencial ante a secretaría xeral.”*

Unha vez exposta a lexislación que lle é de aplicación á presente sesión constitutiva da Corporación municipal, o Sr. Secretario procede a comezar o desenvolvemento da mesma.



## **CONCELLO DE TOQUES**

Lugar de Souto  
15806 Toques (A Coruña)  
NIF: P-1508400G  
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.  
Páxina web: [www.toques.es](http://www.toques.es)  
Email: [correo@toques.es](mailto:correo@toques.es)

### **EN PRIMEIRO LUGAR SE PROCEDE Á CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE.**

No referente a este punto, na Secretaría Xeral do Concello xa se recibiu da Xunta Electoral de Zona de Santiago a certificación acreditativa dos Concelleiros proclamados electos neste municipio (ACTA DE PROCLAMACIÓN DE CANDIDATOS).

Asimesmo, xa se comprobou por parte da Secretaría do Concello cales son os concelleiros electos de maior e menor idade, mediante o cotexo cos datos do Padrón municipal de habitantes.

Polo tanto, en virtude do exposto, o Sr. Secretario declara que a Mesa de Idade do Concello de Toques queda integrada, neste caso, por:


- 1.- Don MIGUEL ANGEL BUJAN VARELA, como Concelleiro proclamado de maior idade, en calidade de PRESIDENTE da Mesa de Idade,
- 2.- Dona TAMARA MATO MELLA , como Concelleira electa de menor idade, actuando en calidade de VOCAL da Mesa de Idade.
- 3.- Segue a actuar como SECRETARIO da referida Mesa de Idade o secretario da Corporación Municipal.

Neste momento, os dous concelleiros ocupan os seus asentos como Presidente da Mesa de Idade e como vocal da mesa de idade.

### **EN SEGUNDO LUGAR, CONSTITUÍDA A MESA DE IDADE, SE PROCEDE Á COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS E A CONSEGUINTE CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN.**

Como xa se dixo, na Secretaría deste Concello xa se recibiu por parte da Xunta Electoral de Zona de SANTIAGO a ACTA DE PROCLAMACIÓN DE CANDIDATOS (as certificacións acreditativas dos Concelleiros proclamados electos neste municipio )

Asimesmo, con anterioridade a esta sesión constitutiva, foron entregadas ó Secretario-interventor do Concello de Toques as nove credenciais dos Concelleiros electos, as cales se comprobaron debidamente por parte do Sr. Secretario, mediante o seu cotexo coa ACTA DE PROCLAMACIÓN DE CANDIDATOS.



## **CONCELLO DE TOQUES**

Lugar de Souto  
15806 Toques (A Coruña)  
NIF: P-1508400G  
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.  
Páxina web: [www.toques.es](http://www.toques.es)  
Email: [correo@toques.es](mailto:correo@toques.es)

Con anterioridade a este acto, en virtude do artigo 36.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro se puxo á disposición dos novos concelleiros electos por parte da Secretaría do Concello a acta de arqueo extraordinaria das existencias en metálico da Corporación depositados na Caixa Municipal e nas contas correntes que ten o Concello de Toques en tres Entidades Bancarias ( ABANCA, CAIXABANK E BANCO POPULAR- SANTANDER ) e, en virtude do artigo 33.2 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, tamén se puxo a disposición dos novos concelleiros electos por parte da Secretaría do Concello o estado do inventario de bens municipais;

Polo tanto, tendo por cumprimentados todos os requisitos legais esixidos e tendo en conta que o número de membros da Corporación que hoxe asisten a presente sesión constitutiva é a totalidade dos mesmos e polo tanto, téndose por cumprido o requisito de asistencia da maioría absoluta legal prevista polo artigo 195.4 da LOREX e 37.4 do ROF, o Secretario da Mesa de Idade se procede a **DECLARAR COMO CONSTITUÍDA A NOVA CORPORACIÓN.**

### **EN TERCEIRO LUGAR, TRAS DECLARAR COMO CONSTITUÍDA A NOVA CORPORACIÓN MUNICIPAL, SE PROCEDE Á TOMA DE POSESIÓN DOS CONCELLEIROS ELECTOS MEDIANTE XURAMENTO OU PROMESA.**

No relativo a este punto, o Sr. Secretario da Mesa de Idade expón que a lexislación aplicable está contida no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 108.8 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Rexime Electoral Xeral, e no artigo 1 do RD 707/79, de 5 de abril, polo que se determina a fórmula de xuramento ou promesa para a toma de posesión de cargos ou funcións públicas.

Conforme o artigo 75.7 da LRBRL " *Os representantes locais, así como os membros non electos da Xunta de Goberno Local, formularán declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que !les proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos.*

*Formularán así mesmo declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo, con información sobre as sociedades participadas por elas e das liquidacións dos impostor sobre a Renda, Patrimonio e, no seu caso, Sociedades. Tales declaracións, efectuadas nos modelos aprobados polos plenos respectivos, levaranse a cabo antes da toma de posesión..."*



CONCELLO DE TOQUES

## **CONCELLO DE TOQUES**

Lugar de Souto  
15806 Toques (A Coruña)  
NIF: P-1508400G  
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.  
Páxina web: [www.toques.es](http://www.toques.es)  
Email: [correo@toques.es](mailto:correo@toques.es)

En relación co cumprimento do requisito establecido neste artigo, o Sr. Secretario afirma que todos os concelleiros electos presentaron en tempo e forma perante a Secretaría do Concello a declaración dos seus bens patrimoniais e de participación en sociedades así como a declaración sobre posibles causas de incompatibilidade.

Conforme ó artigo 108.8 da LOREX, resulta que *no momento de tomar posesión e para adquirir a plena condición dos seus cargos, os candidatos electos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución así como cumprimentar os demais requisitos previstos nas Leis ou regulamentos respectivos.*

E conforme o Artigo 1 do Real Decreto 707/79, de 5 de abril, “*no acto de toma de posesión de cargos ou funcións públicas na Administración, quen teña que dar posesión formulará ó designado a seguinte pregunta:*

**¿XURADES OU PROMETEDES POLA VOSA CONCIENCIA E HONRA CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE CONCELLEIRO DO CONCELLO DE TOQUES CON LEALTADE Ó REI E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO?**

***Esta pregunta deberá ser contestada cunha resposta afirmativa: sí XURO OU SÍ PROMETO”.***

Polo tanto, en virtude da lexislación que lle é de aplicación, neste momento o Sr. Secretario da Mesa de Idade vai proceder a chamar a todos e cada un dos Concelleiros proclamados electos, pola orde en que figuran na ACTA DE PROCLAMACIÓN DE CANDIDATOS enviada pola Xunta Electoral de Zona de Santiago, prestando xuramento ou promesa, de acordo coa formula regulamentaria que determina o mencionado Real Decreto 707/79, de 5 de abril.

O Sr. Secretario fai a cada un dos concelleiros electos a seguinte pregunta:

**¿XURADES OU PROMETEDES POLA VOSA CONCIENCIA E HONRA CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE CONCELLEIRO DO CONCELLO DE TOQUES CON LEALTADE Ó REI E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO?**



CONCELLO DE TOQUES

## **CONCELLO DE TOQUES**

Lugar de Souto  
15806 Toques (A Coruña)  
NIF: P-1508400G  
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.  
Páxina web: [www.toques.es](http://www.toques.es)  
Email: [correo@toques.es](mailto:correo@toques.es)


<b>D. JOSE ANGEL PENAS GARCÍA.</b>	<b>SI, PROMETO</b>
<b>D. JOSE MANUEL LABANDEIRA PUGA.</b>	<b>SI, PROMETO.</b>
<b>D. JOSE ANTONIO CASTRO CASANOVA.</b>	<b>SI, PROMETO.</b>
<b>D. JESÚS VARELA PRIETO.</b>	<b>SI, PROMETO.</b>
<b>D. MIGUEL CASTRO VAZQUEZ.</b>	<b>SI, XURO.</b>
<b>DONA MONICA PENAS GONZALEZ.</b>	<b>SI, XURO.</b>
<b>DONA TAMARA MATO MELLA.</b>	<b>SI, XURO.</b>
<b>D. MIGUEL ANGEL BUJAN VARELA.</b>	<b>SI, PROMETO.</b>
<b>D. JOSE LUIS ABAD RODRÍGUEZ.</b>	<b>SI, PROMETO.</b>

Concluído este acto de toma de posesión por parte dos novos concelleiros, se declara que a Corporación Municipal recién constituída queda integrada polos seguintes concelleiros:

**D. JOSE ANGEL PENAS GARCÍA.**  
**D. JOSE MANUEL LABANDEIRA PUGA.**  
**D. JOSE ANTONIO CASTRO CASANOVA.**  
**D. JESÚS VARELA PRIETO.**  
**D. MIGUEL CASTRO VAZQUEZ**  
**DONA MONICA PENAS GONZALEZ.**  
**DONA TAMARA MATO MELLA.**  
**D. MIGUEL ANGEL BUJAN VARELA.**  
**D. JOSE LUIS ABAD RODRÍGUEZ.**

**EN CUARTO LUGAR, TRAS A TOMA DE POSESIÓN DOS  
CONCELLEIROS ELECTOS, VAISE PROCEDER A ELECCIÓN DO SR.  
ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE TOQUES, Ó XURAMENTO  
OU PROMESA E A TOMA DE POSESIÓN DO CARGO.**

No relativo a este punto, o Sr. Secretario da Mesa de Idade expón que a lexislación aplicable está contida no artigo 196.1 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Rexime Electoral Xeral, no artigo 40 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o reglamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, no artigo 18 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local e no artigo 60.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia



## **CONCELLO DE TOQUES**

Lugar de Souto  
15806 Toques (A Coruña)  
NIF: P-1508400G  
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.  
Páxina web: [www.toques.es](http://www.toques.es)  
Email: [correo@toques.es](mailto:correo@toques.es)

Conforme o artigo 196 apartado primeiro da Lei Orgánica 5/85. de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, se establece que *"Na mesma sesión de constitución da Corporación se procede á elección de Alcalde, de acordo co seguinte procedemento:*

*a) Poden ser candidatos todos os Concelleiros que encabezen as súas correspondentes listas.*

**b)**

*Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos Concelleiros é proclamado electo.*

**c)**

*Se ningún deles obtén a devandita maioría é proclamado Alcalde o Concelleiro que encabece a lista que obtivera maior número de votos populares no correspondente Municipio. En caso de empate se resolverá por sorteo.*

Conforme o artigo 40 do Regulamento do Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais se establece que *"1. A elección e destitución de Alcalde rexese polo disposto na lexislación electoral, sen prexuízo da aplicación das normas relativas ó réxime de sesións plenarias do Concello. 2. Quen resulte proclamado Alcalde tomará posesión ante o Pleno da Corporación, de acordo coa forma xeral establecida para a toma de posesión dos cargos públicos. 3. Se non está presente na sesión de Constitución, será requirido para tomar posesión no prazo de corenta e oito horas, igualmente ante o Pleno corporativo, coa advertencia de que, caso de non facelo sen causa xustificada, estarase ao disposto na lexislación electoral para os casos de vacante na Alcaldía. "*

Conforme o artigo 18 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, se establece que *"Antes de comezar o exercicio das súas funcións, o Alcalde deberá, xurar ou prometer o cargo ante o Pleno. "*

Conforme o artigo 60.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local



CONCELLO DE TOQUES

## **CONCELLO DE TOQUES**

Lugar de Souto  
15806 Toques (A Coruña)  
NIF: P-1508400G  
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.  
Páxina web: [www.toques.es](http://www.toques.es)  
Email: [correo@toques.es](mailto:correo@toques.es)

de Galicia se establece que "2. Os Concelleiros son elixidos mediante sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto e o Alcalde é elixido polos Concelleiros ou polos veciños, todo el/o nos termos que estableza a lexislación electoral xeral. "

En canto á clase de votación para a elección do Sr. Alcalde, o Sr. Secretario informa que non existe previsión legal ou regulamentaria sobre a forma de votación pola que se debe elixir ao Alcalde-presidente. Nin a LOREX, nin a LBRL, nin a Lei 5/1997 de administración local de Galicia, nin no ROF, se determina ou regula nada sobre un concreto sistema de votación para esta elección.

Por outra banda o artigo 102.3 do ROF establece que, "a votación secreta só poderá empregarse para a elección ou destitución de persoas".

En consecuencia, dado que o artigo 196 da LOREX non se decanta por unha concreta forma de votación para a elección do Alcalde, a forma ou clase de votación poderá ser calquera das previstas no funcionamento normal da Corporación, é dicir, votación ordinaria ( a man alzada ) votación nominal ( cada concelleiro di un nome entre os tres candidatos) ou votación secreta (cada concelleiro escribe o nome nun papel e o introduce nunha urna ), quedando esta cuestión a decisión do Pleno.

Tendo en conta a lexislación que se acaba de expoñer, o Pleno decidirá por votación ordinaria a forma ou clase de votación para a elección do Sr. Alcalde:

**Votos a favor da votación ordinaria: 9 votos ( por unanimidade )**

**Votos a favor da votación nominal: 0 votos.**

**Votos a favor da votación secreta: 0 votos.**

**Polo tanto queda aprobada por unanimidade a votación ordinaria como forma de votación para a elección do SR. ALCALDE.**

Seguidamente, unha vez elixido a clase de votación, se procede a preguntar por parte do Sr. Secretario da Corporación ós tres Concelleiros que encabezan as TRES listas electorais se presentan a súa candidatura para ser ALCALDE DO CONCELLO DE TOQUES, sendo a resposta de cada un deles a seguinte:

**1.- D. JOSE ANGEL PENAS GARCÍA, como cabeza de lista do BNG: NON**

**2.- D. MIGUEL CASTRO VAZQUEZ, como cabeza de lista PP: SI**

**3.-D. MIGUEL ANGEL BUJÁN VARELA, como cabeza de lista PSG-PSOE: SI**

Vaise proceder a efectuar a correspondente votación e o escrutinio da mesma:  
**VOTOS A FAVOR D. MIGUEL CASTRO VAZQUEZ ( 3 VOTOS ). Votaron a favor Don Miguel Castro Vázquez, Dona Monica Penas González e Dona Tamara**





CONCELLO DE TOQUES

## **CONCELLO DE TOQUES**

Lugar de Souto  
15806 Toques (A Coruña)  
NIF: P-1508400G  
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.  
Páxina web: [www.toques.es](http://www.toques.es)  
Email: [correo@toques.es](mailto:correo@toques.es)

### **Mato Mella )**

**VOTOS A FAVOR D. MIGUEL ANGEL BUJÁN VARELA ( 6 VOTOS ). Votaron a favor Don Miguel Ángel Buján Varela, Don José Luís Abad Rodríguez, Don Jose Angel Penas García, Don José Manuel Labandeira Puga, Don Jose Antonio Castro Casanova e Don Jesús Varela Prieto.**

En virtude dos resultados obtidos na votación para elección do Sr. Alcalde , o Secretario da Mesa de Idade, proclama Alcalde Presidente deste Concello a **D. MIGUEL ANGEL BUJÁN VARELA do PSG-PSOE.**

A continuación o Sr. Alcalde debe manifestar á Corporación a aceptación do Cargo, formulando xuramento ou promesa con arreglo ó Real Decreto 709/1979, de 5 de abril.

O Sr. Secretario pregunta a **D. MIGUEL ANGEL BUJÁN VARELA**

***¿XURADES OU PROMETEDES POLA VOSA CONCIENCIA E HONRA CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TOQUES CON LEALTADE Ó REI E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO?***

**Constestando Don Miguel Ángel Buján Varela: SI, PROMETO.**

A continuación, O Sr. Secretario da Mesa entrégalle o bastón de mando o Sr. Alcalde, pasando a Presidir a sesión, cesando nas súas funcións os señores Concelleiros que forman a Mesa de Idade.

Neste preciso momento, cando son as 9.55 minutos colle o turno de palabra o Sr. Alcalde que dirixe as seguintes palabras:

O Sr. Alcalde comeza o seu discurso dando a benvida, especialmente, ós novos concelleiros que se incorporan en esta lexislatura e, en xeral, a todos os veciños presentes no Salón de Plenos.

En primeiro lugar, o Sr. Alcalde expresa o seu agradecemento á Corporación municipal por elixilo como Alcalde do Concello e espera que sexa unha lexislatura chea de beneficios para Toques e para todos os seus veciños. Asemade, desexa que todos os concelleiros se impliquen, en maior ou menor medida, na gobernabilidade do noso



CONCELLO DE TOQUES

## **CONCELLO DE TOQUES**

Lugar de Souto  
15806 Toques (A Coruña)  
NIF: P-1508400G  
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.  
Páxina web: [www.toques.es](http://www.toques.es)  
Email: [correo@toques.es](mailto:correo@toques.es)

Concello aportando ideas e proxectos que xeneren benestar para os nosos veciños. Polo tanto, o Sr. Alcalde quere que esta lexislatura sexa a da máxima colaboración entre todos os concelleiros.

Por outro lado, o Sr. Alcalde quere pasar páxina sobre as negociacións que tiveron lugar durante as últimas 3 semanas posto que non foron precisamente agradables. Quere tamén manifestar ó seu profundo rechazo ás redes sociais, xa que considera que non ofrecen nada positivo e son utilizadas, unicamente, como un instrumento que aporta división, insultos e odio á sociedade.

O Sr. Alcalde expón que o Concello que él vai a presidir ten como obxectivo fundamental resolver os problemas dos veciños de Toques e, sobre todo, non xerar novos problemas á sociedade. Para iso, o Sr. Alcalde afirma que unha das súas premisas neste mandato vai a ser cumprir o seu programa electoral, para o que precisa a máxima colaboración por parte de todos os concelleiros. Por iso, o Sr. Alcalde volve a reincidir na idea de que os concelleiros poidan aportar as súas mellores ideas ou proxectos para, entre todos, poder levalos a cabo.

O Sr. Alcalde afirma que todos os veciños de Toques e todos os concelleiros aquí presentes temos claros cales son os problemas estruturais que ten o noso Concello, e afirma que este Salón de Plenos non pode ser un lugar para enfrontamentos e problemas entre nós, senón que debe ser a casa de todos os toqueses e un lugar onde se cheguen a acordos que deben poñer solución a eses problemas que todos coñecemos.

Por último quere agradecer, en primeiro lugar, o grupo municipal do BNG ó seu apoio á súa investidura como Alcalde, e solicita dos grupos municipais a súa máxima colaboración e implicación para poder resolver todos xuntos os problemas que poidan xurdir.

**Seguidamente, o Sr. Alcalde pregunta ós cabezas de lista do BNG e do PP, se queren un turno de palabra antes de rematar a sesión plenaria, os cales responden de maneira afirmativa.**

O Sr. Penas García, como cabeza de lista do BNG, quere manifestar o seu profundo agradecemento ós veciños de Toques pola confianza depositada no seu grupo de maneira maioritaria e que se traduciu nos 4 concelleiros que hoxe estamos presentes no Pleno. Asimesmo quere manifestar o seu desexo de que o pacto subscrito entre o BNG e o PSG-PSOE para os próximos catro anos sexa, como mínimo, tan beneficioso para os veciños de Toques como o anterior e se poidan seguir facendo novos proxectos que redunden no benestar dos nosos veciños. Por último, quere solicitar ó grupo municipal do PP a súa máxima implicación e colaboración posto que considera que nun pobo como Toques todos somos necesarios.



CONCELLO DE TOQUES

## **CONCELLO DE TOQUES**

Lugar de Souto  
15806 Toques (A Coruña)  
NIF: P-1508400G  
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.  
Páxina web: [www.toques.es](http://www.toques.es)  
Email: [correo@toques.es](mailto:correo@toques.es)

O Sr. Castro Vázquez, como cabeza de lista do PP, quere manifestar que o seu grupo municipal vai a estar na oposición pero sempre dunha maneira construtiva posto que concebimos a política como un medio para solucionar os problemas que ten o noso Concello. Por iso, dende o grupo municipal do PP se vai a aportar ó máximo en canto a colaboración e implicación na gobernabilidade do noso Concello, sendo moi responsables e apoiando os proxectos e ideas que consideremos positivas e boas para os veciños de Toques. Asimesmo, tamén seremos responsables para intentar frear aqueles proxectos ou accións que consideremos perxudiciais para o noso Concello, porque esa é a labor que ten que ter unha oposición nun Concello. Por último, manifestar, en nome do seu grupo político, o agradecemento os veciños de Toques que apoiaron á sua candidatura nas últimas eleccións municipais.

E sen máis asuntos que tratar, sendo as dez horas e quince minutos, levantouse a sesión polo Sr. alcalde, estendéndose a presente acta de todo o que, como secretario, dou fe.

**O ALCALDE**

**O SECRETARIO**